

CONSIDERACIÓNS DA PROFESORA

A experiencia foi positiva no sentido do esforzo que tiveron que realizar os alumnos para cambiar o chip de que sexa a profesora quen resolva as dificultades desde un principio.

A maior dificultade foi convencelos de que tiñan que ler e analizar o que aparece en cada páxina antes de poñerse a manipular as escenas ou realizar os exercicios numéricos.

A actitude foi moi correcta, en ningún momento os alumnos deixaron de traballar nas páxinas para navegar por Internet ou chatear. Aínda que na enquisa final algún alumno di que si, estou convencida que non se refería a esta experiencia.

Todos os alumnos realizaron o caderno de traballo, aínda que varios deles pediron unha ampliación do prazo.

Os alumnos pediron o Caderno de Traballo á profesora para preparar o exame de avaliación. Algo que considero moi positivo e que fala da importancia que lle deron ao mesmo.

Os resultados da avaliación final foron moi positivos, só un alumno suspendeu a avaliación, pero dito alumno suspende todas as asignaturas do curso, en clase traballou coas páxinas pero a un ritmo moi lento e sen demasiado interese, o traballo encomendado para casa non o fixo.

A experiencia foi moi positiva aínda que creo que sería máis acertado realizala en 1º de Bacharelato. De cara a facela en 2º deberíamos poder completala con circuítos de corrente alterna en paralelo, para iso a profesora necesita moita máis experiencia co Newton.

Outro aspecto a destacar é que aínda que o traballo en clase, para o profesor é menor, a incorporación das TIC na aula supoñen, para este, un esforzo de preparación e ademais, neste caso, un traballo engadido de corrección do caderno de traballo.

Un dos aspectos máis positivos é que a profesora pode atender de maneira máis individualizada aos alumnos e revisar o que están facendo, en lugar de estar reproducindo na pizarra o que eles están lendo nas páxinas.

Os alumnos teñen respostas contradictorias respecto á esta forma de traballo: por unha parte lles parece BOA a aprendizaxe co ordenador e recoñecen que resolveron todas as súas dúbidas; sen embargo botan de menos as explicacións da profesora e que esta resolva os exercicios no encerado.

Creo que é unha inercia que deben vencer, é moito máis motivadora a aprendizaxe activa, aprender facendo. E ademais estou convencida de que se aprende moito mellor facendo, e se recorda máis o que se fixo e costou un esforzo.

Se o alumno está a traballar deste xeito, o profesor pode dedicarlle moita máis atención porque non ten que reproducir no encerado o que eles están lendo e experimentando no ordenador. Cambiamos a clase tradicional na que se se enteran ben senon que pregunten. Pero non todos preguntan e non sempre son quen de formular as súas dúbidas nunha pregunta coherente, polo que arrastran moitas dúbidas. Agora se non se enteran non poden continuar, o profesor pode atendelos en grupo e individualmente, incluso pode anticiparse as súas dúbidas e orientalos para atopar o camiño a seguir. Podemos falar desas intervencións tipo “flash” que iluminan ao alumno no momento que se produce a dificultade, cando realmente son receptivos porque teñen que solucionar algo concreto e ademais, xa non serve esperar a que o profesor faga algo parecido.

Por outra banda, hai que ter en conta que estamos inmersos nun mundo dixital e audiovisual, e que a escola non debe permanecer illada do mesmo. Temos que reciclarnos nós e a nosa práctica docente. Materiais como os do proxecto Newton ofrécennos esta oportunidade.

Resultoume curioso que un alumnos escribe en observacións: “Electrotecnia é de traballar en papel, non co ordenador” eu pasei medio curso intentando convencelos de que estudiasen cun papel diante e non mirando para os exercicios. Outro comentario curioso “Traballar co ordenador é máis cómodo, pero menos efectivo” dame a sensación que o ordenador tende a despistalos. Creo que é unha tarefa importante facerlles ver o ordenador coma unha ferramenta de estudo independente da súa faceta de entretenemento.

MATERIAIS

Os materiais empregados foron adaptados para a materia de Electrotecnia. Nótase moito que son materiais elaborados para clase de Física, son perfectamente adaptables, pero non é algo pensado para materias máis prácticas como Tecnoloxía ou Electrotecnia. A profesora necesita un maior coñecemento para elaborar materiais propios e non ter que adaptar as escenas xa feitas.

CONCLUSIÓN

As perspectivas de futuro da experiencia pasan por realizala o vindeiro curso en Tecnoloxía Industrial 1, cunha pequena adaptación e eliminando os contidos de Resonancia. Posiblemente tamén se repita na materia de Electrotecnia.

Experiencias deste tipo deben deixar de ser isto “Experiencias” e converterse en algo habitual na aula. Reitero que debemos acercar a escola á realidade social, e a clase maxistral nun encerado de xiz está moi lonxe do mundo dixital no que medran os nosos alumnos.